Actividade de lóxica- matemática e sensorial.

(4º, 5º e 6º de Educación Infantil)

Estas actividades que se propoñen poden ser adaptadas ós tres niveis da etapa de Educación Infantil. Solo se precisa facer un "ensaio" co neno ou nena e ver cales son as súas limitacións para facelo, favorecendo deste xeito que os máis pequenos poidan afianzar o seu razoamento lóxico e pasar un bo rato aprendendo en familia.

A actividade que se propón é elaborar unha pequena e caseira mesa de texturas inicialmente para logo xogar nela coas cantidades, números e grafías...

Así pois comezamos a elaborar a mesa de texturas, como non con axuda dos nenos e nenas que deben intervir en todo o proceso.

Para iso, **precisamos:**

- Recipientes de distintas formas: circulares, rectangulares, ovalados... do que dispoñamos na casa.
- Area fina que cubra ata metade o recipiente na que a botes.
- Recortes de papeis que non precisemos xa, reciclamos e resgámolos.
- Unha xarra de auga con xabón e colorante alimenticio (a cor que máis vos guste)
- Medio quilo (metade da bolsa para explicarllo aos nenos e nenas) de lentellas, macarróns, arroz, garavanzos...
- Boliñas de xel, slime en forma de boliñas, auga conxelada con colorante nunha cubitera de silicona... o que teñamos na casa e se nos poida ocorrer.
- Catro puños de pompóns de cores, boliñas saltarinas pequenas, xoguetes pequenos que sexan iguais....

Como vedes, o material pode ser adaptado co que teñamos a man nas nosas casas e as medidas están pensadas para que o neno ou nena sexa capaz de controlar. Ademais hai material que permite ser fabricado na casa o cal é o outro proceso de aprendizaxe.

Como comezar?

Tendo o material, botamos en cada recipiente cada textura diferente, alternando o que é seco, húmido, voluminoso, colorido... o mellor xeito e que formemos unha liña para que sexa máis cómodo o acceso á mesa de texturas que deseñamos.

Agora toca buscar obxectos pequenos que poidamos esconder nos nosos recipientes; recomendo fichas de cores de xogos de mesa, figuras pequenas de cores, números magnéticos que se poidan mollar, dados... todo o que se nos ocorra que sexa do material axeitado para mergullar, meter, esconder... en cada textura.

Agora só falta dar pequenas consignas ao neno ou nena para facer a actividade. Para "esconder" os obxectos invita a que o cativo ou cativa se esconde na casa e saia cando remate a conta atrás...(dependendo da idade iniciamos a conta atrás dende o 10, 20 ou 30...)

10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3 ,2, 1..... XA!!

(nese momento escondemos tantos obxectos como quixeramos nos recipientes)

Actividade 1: tes que encontrar todo o que escondín nos recipientes e contalo ao final. Cantas figuras de silicona atopaches, por exemplo?

(Voltamos a escondernos e iniciar a conta atrás, mentres que o adulto coloca de novo as figuras nos recipientes aleatoriamente a cantidade que estime, pode deixarse algún recipiente sen figura)

***Actividade 2**: Tapamos os ollos cun pano ao neno ou nena e repetimos a actividade 1, para orientalo o adulto pode dar pequenas consignas verbais.*

Cantas figuras atopaches agora? En que recipiente tes agora a man ? metiches a man en todos os recipientes? Notaches en falta algunha textura?

(Regresamos ao noso refuxio e o adulto prepara unha nova actividade: esconder 10, 20 ,5 fichas....as que estimemos segundo a idade e facemos a conta atrás de novo)

***Actividade 3**: Busca soamente 10, 20, 6, 9... fichas as que queiramos segundo o nivel no que esteamos. Advirte que na nosa mesa hai máis fichas das que pedimos que saque.*

(Estando o neno ou nena xa no seu refuxio, o adulto coloca dados nos recipientes e podemos variar o tipo de dado: utilizar o convencional con puntos ou con grafías)

***Actividade 4**: Busca os dados que escondín nos recipientes e logo suma a cantidade (coa que quedou o dado ao deixalo sobre a mesa) que cantidade obtiveches coa suma?*

Nesta actividade tedes que ter en conta o nivel; para tres anos; podes contar os dados que sacou dos recipientes, para catro anos pode facer a suma do dado convencional contando os puntiños e para cinco utilizar dados que teñan nas súas caras a grafía e facer a suma coas grafías.... debemos variar a actividade en cada caso.

(O neno ou nena regresa ao seu refuxio e o adulto coloca dous recipientes, os que escolla, nun coloca unha cantidade de figuras que sexa maior ca que poñamos no recipiente contiguo)

***Actividade 5:** Busca os obxectos que escondín en cada recipiente e logo intenta facer unha resta. Que número poñemos primeiro? Cal é o número máis grande? En que recipiente había máis? Cantos preciso para ter o mesmo número de obxectos nos dous recipientes?*

Como seguir?

Todas estas actividades son un inicio e teñen múltiples variantes que debemos adaptar tendo en conta o ritmo dos nenos ou nenas. Claro está que cada alumno ou alumna vai ter diferentes problemas e intentaremos axudarlles pero sen resolverlles o problemas con frases como: ti crees que son tantos? Contemos os dous en alto? Volve a intentalo? Creo que nese recipiente che quedaron obxectos, buscamos de novo?... sempre favorecendo a súa autoestima e valorando positivamente o seu traballo.

Velaquí vos deixo algunha **variante** máis, animádevos a probar algunha:

- *Que a busca dos obxectos se faga sempre cos ollos tapados.*

- *Que sexa o neno ou nena quen esconda os obxectos e o adulto realice a actividade.*
- *Que verbalice en cada momento que textura está tocando e a sensación que lle transmite.*
- *Que o razoamento lóxico que realice, a suma, a comparativa, a agrupación de puntiños.... os realice nunha pizarra ou folio.*
- *Facer series cos materiais que foron buscando nos recipientes, buscando unha relación entre eles.*
- *Que faga un rexistro do material dos recipientes que fomos perdendo co paso das actividades: por exemplo, caeron tantos garavanzos ou pompóns, caeu un puño de area, cun pano secamos a cantidade de auga que caeu dos recipientes e escorrémolo noutro recipiente que previamente temos marcado tal que así...*



Que conseguimos?

Nesta actividade os alumnos e alumnas traballan a psicomotricidade fina, o tacto, razoamento lóxico, o cálculo, a secuenciación, a seriación, buscan novas estratexias para resolver problemas que se lles van presentando... e sobre todo aprenden gozando dunha amena actividade en familia.

Gozade do tempo en familia aprendendo!!! 🧡

Genma Penelas Teijeiro; mestra de Educación Infantil